

que se encontren en España e que, tendo presentado solicitude de regularización ó abeiro do previsto no Real decreto 239/2000, do 18 de febreiro, a visen denegada, exclusivamente, por non cumpriren o requisito de se encontraren en España antes do 1 de xuño de 1999.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei.

2. Queda igualmente derogada a letra D do artigo 5.III da Lei 7/1987, do 29 de maio, de taxas consulares.

Disposición derradeira primeira. *Artigos con rango de lei orgánica.*

1. Teñen carácter orgánico os seguintes preceptos da Lei 4/2000, segundo a numeración que establece esta lei: os contidos no título I, salvo os artigos 10, 12, 13 e 14; do título II, os artigos 25 e 31.2 e do título III, os artigos 53, 54.1 e 57 a 64. Así mesmo, teñen carácter orgánico as disposicións adicional segunda, derogatoria e o punto primeiro desta disposición derradeira primeira da presente lei, así como as disposicións derradeiras primeira a terceira da Lei 4/2000.

2. Os preceptos desta lei que non teñan carácter orgánico entenderanse dictados ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 2.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Regulamento da lei.

O Goberno, no prazo de seis meses desde a publicación desta lei orgánica, aprobará o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Disposición derradeira terceira. *Información sobre a lei a organismos e organizacións interesados.*

Desde o momento da entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas necesarias para informar sobre a aplicación da normativa anterior que supón a aprobación desta lei orgánica.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación de créditos.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para facer fronte ós gastos orixinados pola aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor ó mes da súa completa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23661 *LEI ORGÁNICA 9/2000, do 22 de decembro, sobre medidas urxentes para a axilización da Administración de Xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.* («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modernización da Xustiza que a sociedade española demanda constitúe un ambicioso obxectivo que, co concurso de tódalas institucións e persoas relacionadas co seu funcionamento, debe propiciar, en último e fundamental termo, a mellor salvagarda dos dereitos e liberdades dos cidadáns. A reforma que iso precisa debe ser obxecto de coidadoso estudio e reflexión. Non obstante, hai algunhas medidas que, polo seu carácter urxente, deben ser acometidas con prontitude e que supoñen modificacións parciais da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

O elevado número de vacantes de xuíces e maxistrados titulares nos órganos xudiciais esixe actuacións inmediatas que aseguren, no maior grao posible, a atención da demanda dos cidadáns, que reclaman unha xustiza máis áxil, diminuíndo os atrasos, dilacións, recursos e incrementos de custos que a actual situación provoca.

Con tal finalidade, esta lei orgánica propicia, en primeiro lugar, a unificación do procedemento selectivo, en fase de oposición, para o ingreso nas carreiras xudicial e fiscal, con probas e tribunais únicos, de xeito que se evite a situación ata agora existente de que estas persoas superen ámbolos dous procesos selectivos coa perda de efectivos que iso leva consigo para unha e outra carreira. Trala oposición, e dado que a unidade desta fase do proceso de selección non afecta en modo ningún á dualidade e separación das carreiras xudicial e fiscal, que se mantén, os aprobados incorporaranse á Escola Xudicial ou ó Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza mediante a opción voluntaria de cada aspirante en función da puntuación obtida e o número de prazas ofertadas.

Por outra parte, ata que se produza o desexado ingreso de novos xuíces en número suficiente, resulta aconsellable ampliar, con carácter transitorio, a idade de xubilación forzosa dos membros da carreira xudicial ata os 72 anos, e ata os 75 anos a limitación para ser proposto para actuar como maxistrado suplente contida no artigo 201.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial; tamén se establece a denominación de maxistrado emérito para quen desempeñe estas funcións procedendo da carreira xudicial.

Así mesmo, a duración do curso teórico e práctico de selección e formación na Escola Xudicial cifrado hoxe en dous anos adáptase, pola necesidade de contar perentoriamente con xuíces titulares, de forma que, sen que iso comporte un prexuízo no proceso de formación ó se estableceren ó mesmo tempo medidas complementarias, resulte posible cubrir un número importante de vacantes con xuíces profesionais.

Co mesmo propósito de axilización e para optimiza-lo desempeño da tarefa xurisdiccional nos tribunais superiores de xustiza, revese a posible adscrición dos maxistrados dunhas salas a outras, cando así o aconselle a diferente carga de traballo, mediante proposta da sala de goberno correspondente.

Perséguese incorporar na Lei orgánica do Poder Xudicial a adecuación dos xulgados de menores, que serán servidos por maxistrados da carreira xudicial cos requisitos que se establecen na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da de responsabilidade penal dos menores. Na mesma Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, introdúcese o cambio de atribución de competencia en materia de apelación contra as resolucións dos xulgados de menores, en favor das audiencias provinciais. Como consecuencia da creación das seccións de menores nas fiscalías, prevese a existencia de secretarios xudiciais que presten os seus servizos naquelas.

CAPÍTULO I

Medidas urxentes para a axilización da Administración de Xustiza

Artigo primeiro. *Unificación das oposicións ás carreiras xudicial e fiscal.*

Procédese á unificación de oposicións de acceso ás carreiras xudicial e fiscal e en consecuencia modifícanse os artigos 301 (epígrafes 2 e 3), 304, 305, 306 (epígrafes 1 e 2) e 314 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, nos termos seguintes:

Primeiro. Dáselles unha nova redacción ós números 2 e 3 do artigo 301:

«2. A convocatoria para o ingreso na carreira xudicial, que se realizará conxuntamente coa de ingreso na carreira fiscal, comprenderá tódalas prazas vacantes existentes no momento da convocatoria e un número adicional que permita cubri-las que previsiblemente se poidan producir ata a seguinte convocatoria.

Os candidatos aprobados, de acordo coas prazas convocadas, optarán, segundo a orde da puntuación obtida, por unha ou outra carreira no prazo que fixe a comisión de selección.

3. En cada convocatoria reservárase unha cuarta parte das prazas da carreira xudicial que se convoquen para licenciados en dereito con seis anos de exercicio profesional, os que terán acceso ó curso teórico e práctico de selección na Escola Xudicial, por medio de concurso-oposición.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó artigo 304:

«1. O tribunal que avaliará as probas de ingreso nas carreiras xudicial e fiscal, polas categorías de xuíz e de avogado fiscal respectivamente, estará presidido por un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun Tribunal Superior de Xustiza ou un fiscal de sala ou fiscal do Tribunal Supremo, e serán vocais dous maxistrados, dous fiscais, un catedrático de universidade de disciplina xurídica, un avogado do Estado, un avogado con máis de dez anos de exercicio profesional e un secretario xudicial da categoría primeira, que actuará como secretario. Cando non sexa posible designar catedrático de universidade, poderá nomearse, excepcionalmente, un profesor titular.

2. O nomeamento dos membros do tribunal, a que se refire o número anterior, será realizado pola comisión de selección da seguinte maneira: o presidente, por proposta conxunta do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e do fiscal xeral do Estado; os dous maxistrados, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial; os dous fiscais, por proposta do fiscal xeral do Estado; o catedrático

por proposta do Consello de Universidades, o avogado do Estado e o secretario xudicial por proposta do Ministerio de Xustiza, e o avogado por proposta do Consello Xeral da Avogacía.

O Consello de Universidades e o Consello Xeral da Avogacía elaborarán ternas, que remitirán á comisión de selección para a súa designación, salvo que existan causas que xustifiquen propoñer só unha ou dúas persoas.»

Terceiro. Dáse unha nova redacción ó artigo 305:

«1. A comisión de selección, á que se refire o artigo anterior, estará composta por un vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial e un fiscal de sala, que a presidirán anualmente con carácter alternativo, por un maxistrado, un fiscal, o director da Escola Xudicial, o director do Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza e un membro dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como un funcionario do Ministerio de Xustiza con nivel mínimo de subdirector xeral, ámbolos dous licenciados en dereito, que actuarán alternativamente como secretarios da comisión.

2. A composición da comisión de selección publicarase no Boletín Oficial del Estado, mediante orde do ministro de Xustiza. Os membros da comisión serán designados por un período de catro anos, de acordo coas seguintes regras:

- a) O vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial, o maxistrado e o membro dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Os fiscais, polo fiscal xeral do Estado.
- c) O funcionario do Ministerio de Xustiza, polo ministro de Xustiza.

3. Os acordos da comisión de selección serán adoptados por maioría dos seus membros. En caso de empate, decidirá o voto do seu presidente.

4. A comisión de selección, ademais do disposto no artigo anterior, será competente para:

- a) Propo-lo temario, o contido dos exercicios e as normas complementarias que van rexe-la oposición para o acceso ás carreiras xudicial e fiscal, someténdoo á aprobación do Ministerio de Xustiza e do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Realiza-los trámites administrativos precisos para a distribución dos aprobados ás respectivas escolas segundo a opción que realizasen, conforme se dispón no artigo 301.2.

5. As resolucións previstas neste artigo e no número 2 do artigo anterior esgotarán a vía administrativa e serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo.»

Cuarto. Dáselle unha nova redacción ós números 1 e 2 do artigo 306:

«1. As normas polas que ha de rexerse o concurso-oposición, previsto no número 3 del artigo 301, e o posterior curso teórico-práctico para o ingreso na carreira xudicial pola categoría de xuíz, serán aprobadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial, oído o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, as comunidades autónomas con competencias na materia. No concurso-oposición, a valoración dos méritos na fase de concurso suxeitarase ó disposto nos números 1 ó 11 do artigo 313 desta lei.

2. A oposición para o ingreso nas carreiras xudicial e fiscal pola categoría de xuíz e de avogado fiscal e o concurso-oposición previsto no epígrafe 3 do artigo 301 convocaranse alomenos cada dous anos, sendo realizada a convocatoria pola comisión de selección prevista no número 1 do artigo 305, logo de proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza, atendendo o número máximo de prazas que corresponda ofrecer de acordo co disposto no epígrafe 2 do artigo 301 en atención ás disponibilidades orzamentarias.»

Quinto. Dáselle unha nova redacción ó artigo 314:

«O tribunal das probas selectivas previstas no artigo 312 desta lei será nomeado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, estará presidido polo presidente do Tribunal Supremo ou maxistrado do Tribunal Supremo ou do Tribunal Superior de Xustiza en quen delegue, e serán vocais: dous maxistrados, un fiscal, dous catedráticos de universidade designados por razón da materia, un avogado con máis de dez anos de exercicio profesional, un avogado do Estado, un secretario xudicial de primeira categoría e un membro dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, licenciado en dereito, que actuará como secretario. Cando non sexa posible designa-los catedráticos de universidade, poderán nomearse, excepcionalmente, profesores titulares.»

Artigo segundo. *Optimización das tarefas xurisdiccionais nos tribunais superiores de xustiza.*

Engádese un novo número 4 ó artigo 330 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, co seguinte contido:

«4. Cando a sensible e continuada diferenza no volume de traballo das distintas salas dos tribunais superiores de xustiza o aconselle, os maxistrados de calquera delas, co acordo favorable da Sala de Goberno logo da proposta do presidente do tribunal, poderán ser adscritos polo Consello Xeral do Poder Xudicial, total ou parcialmente, e sen que iso signifique incremento retributivo ningún, a outra sala do mesmo Tribunal Superior de Xustiza.

Para a adscrición valoraranse a antigüidade no escalafón e a especialidade ou experiencia dos maxistrados afectados e, a ser posible, as súas preferencias.»

Artigo terceiro. *Adaptación transitoria do curso teórico-práctico na Escola Xudicial.*

Introdúcese unha nova disposición transitoria na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, co seguinte contido:

«Disposición transitoria trixésimo quinta.

O previsto no artigo 307 desta Lei orgánica do poder xudicial, respecto do período de prácticas tuteladas, como xuíz adxunto, do curso teórico e práctico de selección, será de seis meses para tódolos aspirantes a ingreso na carreira xudicial que superaron ou superen as probas de acceso xa convocadas, e para os que superen as da seguinte convocatoria que se realicen a partir da entrada en vigor desta disposición transitoria.»

Artigo cuarto. *Prolongación transitoria da idade para o desempeño das tarefas xurisdiccionais.*

Primeiro. Introdúcese dúas novas disposicións transitorias na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, co seguinte contido:

«Disposición transitoria trixésimo sexta.

Ata o 31 de decembro de 2003, a xubilación por idade dos xuíces e maxistrados prevista no artigo 386.1 fíxase nos setenta e dous anos. Ata o 31 de decembro de 2004, a xubilación por idade dos xuíces e maxistrados fíxase nos setenta e un anos.

Disposición transitoria trixésimo sétima.

Ata o 31 de decembro de 2003 poderán ser propostos como maxistrados suplentes os que, cos requisitos previstos no artigo 201, non alcanzasen a idade de setenta e cinco anos.»

Segundo. Engádese un epígrafe catro ó artigo 200 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, coa seguinte redacción:

«Catro. Os membros da carreira xudicial xubilados por idade que sexan nomeados para exercer a dita función terán a consideración e tratamento de maxistrados eméritos.»

CAPÍTULO II

Adaptación da Lei orgánica do poder xudicial ás previsións da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores

Artigo quinto. *Xulgados de menores.*

Modifícase o número 3 do artigo 329 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, nos seguintes termos:

«3. Os concursos para a provisión dos xulgados de menores resolveranse en favor dos que, presentando a categoría de maxistrado, e acreditando a correspondente especialización en materia de menores na Escola Xudicial, teñan mellor posto no escalafón. No seu defecto, cubriranse por maxistrados que prestasen alomenos tres anos de servizo, dentro dos cinco anteriores á data da convocatoria, na xurisdicción de menores.

Na falta destes cubrirase pola orde de antigüidade establecida no número 1. Os que obteñan praza, así como os que a obteñan cando as vacantes teñan que cubrirse por ascenso, deberán participar antes de tomar posesión do seu novo destino nas actividades de especialización en materia de menores que estableza o Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Artigo sexto. *Atribucións das audiencias provinciais.*

Modifícase o artigo 41, epígrafes 1 e 3, da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, nos termos seguintes:

«1. Contra a sentenza dictada polo xuíz de menores no procedemento regulado nesta lei, cabe recurso de apelación ante a correspondente Audiencia Provincial, que se interporá ante o xuíz que dictou aquela no prazo de cinco días contados desde a súa notificación, e resolverase logo de celebración de vista pública, agás que en interese da

persoa imputada ou da vítima, o xuíz acorde que se celebre a porta pechada. Á vista deberán asistir as partes e, se o tribunal o considera oportuno, o representante do equipo técnico e o representante da entidade pública de protección ou reforma de menores que interviñesen no caso concreto. O recorrente poderá solicitar do tribunal a práctica da proba que, proposta e admitida na instancia, non se celebre, conforme as regras da Lei de axuízamento criminal.»

«3. Contra os autos que poñan fin ó procedemento ou resolvan o incidente dos artigos 14, 28, 29 e 40 desta lei, cabe recurso de apelación ante a Audiencia Provincial polos trámites que regula a Lei de axuízamento criminal para o procedemento abreviado.»

Artigo sétimo. *Funcións dos secretarios nas seccións de menores das fiscalías.*

Modifícanse os artigos 473 e 476 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, nos termos seguintes:

Primeiro. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 473:

«1. Os secretarios xudiciais exercen a fe pública e asisten os xuíces, tribunais e seccións de menores das fiscalías, no exercicio das súas funcións, de conformidade co establecido nesta lei e restante lexislación vixente.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 473:

«2. Correspóndelles desempeñar a xefatura directa do persoal da Secretaría de que son titulares, sen prexuízo da superior dirección de xuíces e presidentes, e con respecto ás potestades de organización atribuídas ós fiscais xefes.»

Terceiro. Engádeselle un número 5 ó artigo 476, coa seguinte redacción:

«5. Cando existan, as secretarías das seccións de menores das fiscalías cubriranse con funcionarios da segunda categoría. En caso contrario, serán asistidas polos secretarios dos xulgados de menores.»

Disposición adicional primeira.

Modifícase o artigo 42 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do ministerio fiscal:

«Artigo 42.

O ingreso na carreira fiscal farase por oposición libre entre os que reúnan as condicións de capacidade esixidas nesta lei, que se realizará conxuntamente coa de ingreso na carreira xudicial, nos termos previstos na Lei orgánica do poder xudicial.»

Disposición adicional segunda.

Tódalas referencias ás salas de menores dos tribunais superiores de xustiza contidas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, deben entenderse realizadas ás audiencias provinciais.

Disposición adicional terceira.

Introdúcense as seguintes modificacións na disposición transitoria única da Lei orgánica 5/2000, do 12

de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores:

1. O número 5 pasa a te-la seguinte redacción:

«5. As decisións do xuíz de menores a que se refiren os números anteriores adoptaranse mediante auto susceptible de recurso directamente en apelación, no prazo de cinco días hábiles, ante a Audiencia Provincial. Os xuíces de menores deberán adoptar estas decisións no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei. Durante este prazo a situación do menor non se verá afectada.»

2. Engádesse un novo parágrafo ó número 6, entre os actuais parágrafos primeiro e segundo, pasando este último a ser parágrafo terceiro. A redacción do parágrafo que se engade é a seguinte:

«Os que se acharen suxeitos a prisión preventiva á entrada en vigor da Lei serán excarcerados e conducidos a un centro de reforma a disposición do ministerio fiscal. Se o ministerio fiscal estima procedente o mantemento do internamento, deberá solicitalo no prazo de corenta e oito horas do xuíz de menores, quen convocará a comparecencia prevista no artigo 28.2.»

Disposición adicional cuarta.

Suprímese o número 5 da disposición derradeira terceira da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Disposición adicional quinta.

1. O artigo 163 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, queda redactado como segue:

«Artigo 163. No Tribunal Supremo, e baixo a dependencia directa do seu presidente, funcionará un Gabinete Técnico de Información e Documentación. O Ministerio de Xustiza, oída a Sala de Goberno do Tribunal Supremo e logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determinará a súa composición e cadro de persoal, cos límites que se establezan na Lei de demarcación e de planta xudicial sobre a integración de maxistrados no dito gabinete.»

2. O número 4 do artigo 23 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, pasa a te-la seguinte redacción:

«4. No Gabinete Técnico de Información e Documentación prestarán servizo letrados ó servizo do Tribunal Supremo, conforme o disposto no artigo 163 da Lei orgánica do Poder Xudicial. Estes letrados desempeñarán funcións de documentación e asistencia técnica ós maxistrados do Tribunal e serán adscritos ás diferentes salas por acordo da Sala de Goberno.»

Disposición adicional sexta.

O número 3 do artigo 350 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, queda redactado da seguinte maneira:

«3. Os maxistrados do Tribunal Supremo só poderán desempeñar fóra del as funcións de presidente de tribunais de oposicións a ingreso na carreira xudicial, de membros da Xunta Electoral Central, de presidente da Mutualidade Xeral Xudicial e de membro do órgano ou ente do Ministerio de Xustiza destinado á informatización e renovación tecnolóxica da Administración de Xustiza.»

Disposición transitoria única.

Suspéndese a aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no referente ós infractores de idades comprendidas entre os 18 e 21 anos, por un prazo de dous anos desde a entrada en vigor dela.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas outras leis e disposicións se opoñan ó establecido nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira.

O artigo 6, as disposicións adicionais primeira e cuarta e o número 2 da disposición adicional quinta desta lei orgánica teñen natureza de lei ordinaria.

Disposición derradeira segunda.

No prazo de tres meses, desde a entrada en vigor desta lei, procederase á adaptación do Regulamento da carreira xudicial e do Regulamento do centro de estudos xurídicos da Administración de Xustiza, para harmonizalo seu contido co disposto nesta lei.

Disposición derradeira terceira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23662 LEI 7/2000, do 22 de decembro, pola que se conceden suplementos de crédito, por importe de 8.155.525.000 pesetas, para atender insuficiencias producidas no Ministerio de Defensa, como consecuencia da participación das Forzas Armadas Españolas en operacións internacionais de axuda humanitaria e restablecemento da paz. («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Defensa iniciou a tramitación dun expediente para a concesión de suplementos de crédito, por importe de 8.155.525.000 pesetas, co fin de poder atender ata a fin do exercicio os gastos que se van producir polo desenvolvemento das actividades que son propias e habituais do departamento, dado que os créditos dotados para tales fins van resultar insuficientes.

Importantes acontecementos de alcance internacional, como foron os desastres producidos en Centroamérica como consecuencia do furacán Mitch, así como o conflito na antiga Iugoslavia, motivaron a presenza española para a axuda e resolución de problemas de diversa natureza producidos nas zonas afectadas polos ditos acontecementos.

Neste sentido, o Consello de Ministros adoptou o 13 de novembro de 1998 un acordo co fin de facilitala entrega de axuda humanitaria e contribuír á reconstrución de Centroamérica, en virtude do cal Ministerio de Defensa destacou na zona unidades militares, achegando, ademais, medios materiais terrestres, navais e aéreos.

Pola súa parte, o conflito de Kosovo motivou tamén a adopción de acordos do Consello de Ministros, o 9 de outubro de 1998 e o 26 de febreiro de 1999, para autoriza-la participación de unidades militares españolas en apoio dos esforzos diplomáticos para a resolución da crise e dun posible plan de paz.

Así mesmo, a grave crise humanitaria que o conflito de Kosovo desencadeou levou, unha vez máis, o Goberno español a asumir as súas responsabilidades no ámbito internacional, acordando unha operación de axuda humanitaria, por Acordo de Consello de Ministros do 16 de abril de 1999, para a distribución de axuda, a instalación, atención e mantemento dun campamento en Albania para acollida de refuxiados e a súa posterior transferencia a organizacións civís españolas.

Resultado diso foi que o Ministerio de Defensa atendeu as necesidades xurdidas cos seus recursos persoais, materiais e económicos, motivando, en consecuencia, unha insuficiencia nos créditos inicialmente previstos para o financiamento das actividades ordinarias que o citado ministerio debe realizar no desenvolvemento das súas funcións.

Polo que, dado que non existe crédito suficiente nos vixentes orzamentos xerais do Estado para financialas ditas actividades, resulta necesario conceder suplementos de créditos naquelas partidas do orzamento do Ministerio de Defensa que van resultar insuficientes.

A este respecto, o Goberno aprobou un proxecto de lei que foi remitido ás Cortes Xerais para a súa tramitación e aprobación.

Non obstante, a disolución das Cortes Xerais polo Real decreto 64/2000, do 17 de xaneiro, sen estar finalizada a tramitación do citado proxecto de lei, determinou a súa caducidade.

Os suplementos de crédito tramítanse de acordo co Consello de Estado e logo do informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. Suplementos de crédito.

Concédense suplementos de crédito, por importe de 8.155.525.000 pesetas, no vixente orzamento da sección 14 Ministerio de Defensa polos importes e nas aplicacións orzamentarias que se recollen no anexo.

Artigo 2. Financiamento dos suplementos de crédito.

Os suplementos de créditos a que se refire o artigo anterior financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ